



## Concello de Guitiriz

### **DECRETO DE RESOLUCION DO PROCESO DE SELECCIÓN DE 1 TRABALLADOR/A SOCIAL DO SAF COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE (OEP 2020, ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, ART. 19.UNO.7 E 9 LOXE 18). EXPTE: 224/2020.**

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que consta no expediente:

- O acordo da XGL de data 13/08/2020 polo que se aproban as bases reguladoras do proceso selectivo de 4 técnicos/as de servizos sociais, persoal laboral fixo (OEP de 2020, estabilización de emprego temporal, arts.19.uno.7 e 9 LOXE 18).
- No BOP de Lugo nº 245 do 26/10/2020 foron publicadas integramente as bases da convocatoria. En datas 18/12/2020 e 29/12/2020 publicáronse anuncios da convocatoria no DOG e BOE respectivamente.
- Decreto de alcaldía nº 2021-0115 de data 10/02/2021 polo que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo. Dita lista foi publicada na sede, web e taboleiro o 11/02/2021 e no BOP de Lugo nº42 do 22/02/2021.
- Decreto da alcaldía nº 2020-325 de data 27/04/2021 polo que se aproba a lista definitiva de admitidos/as no proceso de selección e se designa ao tribunal, publicado no BOP de Lugo de data 04/05/2021.
- Actas do tribunal nº1 de data 06/05/2021 coa baremación provisional de méritos, publicada mediante anuncio de igual data; acta nº2 de data 12/05/2021 coa baremación definitiva dos méritos, publicada mediante anuncio en idéntica data; acta e anuncio nº3 de data 13/05/2021 pola que se publica o cadro de respostas; acta e anuncio nº4 de data 20/05/2021 pola que se fan públicos os resultados provisionais anonimizados da fase de oposición; e acta e anuncio nº5 de data 28/05/2021 pola que se eleva á alcaldía a proposta da persoa aprobada.

As Leis de Orzamentos Xerais do Estado establecen que con carácter xeral as administracións públicas non poderán incorporar de novo persoal temporal, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, sen que sexa necesario ao súa vinculación a servizos prioritarios ou servizos públicos esenciais. O artigo 3 da Circular interpretativa da Dirección Xeral da Administración Local da Xunta de Galicia matizaba (aínda que sen rango legal) que tamén poderían excepcionarse aqueles postos de traballos que sexan financiados ao 100% por outras administracións públicas.

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, do 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

**Concello de Guitiriz**

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 666SK67AR6CRACQDL57YLX9YXJ | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello de Guitiriz

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Resolver o proceso de selección de 1 traballador/a social como persoal laboral fixo mediante concurso-oposición libre, convocado pola Xunta de Goberno Local en data 13/08/2020 e publicado no BOE de data 29/12/2020, de acordo coa proposta do Tribunal Cualificador de data 20/05/2021, co seguinte resultado definitivo:

<i>Nome e apelidos</i>	<i>Concurso (40 puntos)</i>	<i>Oposición (60 puntos)</i>	<i>TOTAL</i>
Inés María Vázquez Cebeira	40	57	97

SEGUNDO.- Outorgar un prazo de vinte días naturais á aspirante seleccionada para presentar na Secretaría do Concello os documentos esixidos na base novena da convocatoria, agás que xa obren en poder da administración: copia autenticada ou fotocopia co orixinal para compulsa do D.N.I.; copia autenticada ou fotocopia co orixinal para compulsa do título esixido na convocatoria; certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións do posto; declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non ter sido separada mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitada para o exercicio de funcións públicas; declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Quen tivese a condición de funcionaria públicas ou persoal laboral, estará exenta de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa amosados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración da que dependeran para acreditar tal condición. Se dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentase a documentación esixida, non poderá ser contratada, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar no concurso-oposición.

Presentada a documentación procederase á sinatura do contrato laboral fixo pola aspirante aprobada con data de inicio do 01/07/2021, previo informe de fiscalización da intervención.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución á persoa interesada, comunicala aos servizos municipais afectados aos efectos oportunos, e publicala no taboleiro de anuncios, na paxina web municipal e na sede electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

Marisol Morandeira Morandeira

O Secretario (asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018)

Pablo Portela Fernández

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 666SK67AR6CRACQDL57YLX9YXJ | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2